



www.bikenta.com

Bikenta-M+: un Sistema Dixital para optimizar a xestión sostible dos montes de maior superficie de Galicia que integra os principios da xestión forestal sustentable coa calidade da madeira



bikenta
gestión de parcelas forestales



**Eu son
silvicultora
activa**

ASEFOR e MADERA+, empresas expertas en xestión forestal sostible e na predición das propiedades tecnolóxicas da madeira respectivamente, comezan unha andaina en común a favor do sector forestal. Ambas empresas basean o seu modelo de negocio na implementación de tecnoloxía, innovación e dixitalización.

As actividades a desenvolver por ambas empresas permitirá xuntar, por primeira vez, os resultados de dúas liñas de innovación para integrar os coñecementos da xestión forestal coa calidade da madeira nun sistema dixital cunha proposta diferenciadora e única no mercado. A viabilidade do desenvolvemento do servizo está asegurada polos antecedentes de cada unha das empresas.

O obxectivo é facilitar e optimizar a xestión sostible dos montes de maior superficie de Galicia, que corresponde principalmente cos xestionados de xeito Comunal polos veciños (COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, CMVMC) cara á mellora dos usos e servizos que estes ofrecen. O valor industrial e ambiental da materia prima forestal vai depender das propiedades tecnolóxicas intrínsecas da madeira, que hoxe poden ser determinadas a partir de modelos de predición que estarán incorporados nesta ferramenta dixital.

Esta ferramenta está aliñada co esforzo, por parte do sector forestal, de xerar un maior valor engadido da madeira que se obtén dos bosques e plantacións, principalmente pola madeira de coníferas, e, en concreto, pola madeira estrutural. No marco da Bioeconomía, potenciarase o papel da xestión forestal e dos produtos de madeira que se obteñan na mitigación dos efectos do cambio climático.

Bikenta-Mplus é un exemplo de transferencia e posta en valor de coñecemento ao servizo dos propietarios, xestores profesionais e técnicos forestais e industrias da madeira, dando apoio á toma de decisións cara o desenvolvemento de réximes silvícolas que optimicen o valor do monte e do produto final, potenciando o desenvolvemento social e económico do sector forestal galego.

A ferramenta “BIKENTA - MPLUS” permitirá impulsar, en especial, a obtención de madeira estrutural, provocando un mellor aproveitamento tecnolóxico e ambiental dos recursos e o incremento do valor xerado polo propio monte, en beneficio dos propietarios e profesionais do sector.

